

Finalmente o curso de PRL NO MANEXO DE MAQUINARIA AGRÍCOLA, MANEXO PRÁCTICO DO TRACTOR E OS SEUS APEIROS, organizado polo ISSGA (Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral), terá lugar na Casa da Cultura dos días 19 ao 23 de outubro, cos seguintes horarios:

Días 19 e 20 de outubro (teoría) ..... das 15.00 ás 20.00 h

Días 21, 22 e 23 de outubro (práctica) ... das 15.00 ás 19.00 h

Todo apunta a que este curso, agora ofertado de forma gratuita, será obrigatorio a partir do 2017 para levar a cabo a actividade no sector agrario, sexa por conta propia ou allea.

Aínda que nun principio está dirixido a persoas traballadoras ou desempregadas do sector agrario, poden cubrirse as prazas con outros colectivos.

Para apuntarse pode facerse das formas indicadas na publicidade adxunta ou nas oficinas municipais.

## **CONVOCATORIA DO CURSO DE PRL NO MANEXO DE MAQUINARIA AGRÍCOLA. MANEXO PRÁCTICO DO TRACTOR E OS SEUS APEIROS (INSCRICIÓN GRATUITA)**



**DESTINATARIOS:** Persoas traballadoras maiores de idade ocupadas ou desempregadas na actividade á que se dirixe o curso, con residencia ou centro de traballo actual ou anterior nalgún dos concellos incluídos nos plans de zona.

**DATAS E LUGAR DE CELEBRACIÓN:**

LUGAR DE DESENVOLVEMENTO DO CURSO: CONCELLO DE TRABADA

DATAS DE REALIZACIÓN DO CURSO: DO 19 DE OUTUBRO AO 23 DE OUTUBRO DE 2015

NÚMERO DE PRAZAS: 15

ENVIAR O FORMULARIO DE RESERVA DE PLAZAS A TRAVÉS DE:

- [desenvolvementorural.issga@xunta.es](mailto:desenvolvementorural.issga@xunta.es) ou no Fax. 986 787 224

**Máis información na web do ISSGA:** <http://issga.xunta.es/> e no telf.: 986 783 582

*Este programa de cursos desenvólvense en execución da acción "1.22.CA.3- Información e formación en materia de seguridade e hixiene no traballo" incluída no anexo 1 do Convenio específico entre a Administración Xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Galicia para a execución, seguimento e avaliación das accións incluídas nos plans de zona das súas zonas rurais, asinado o 7/5/2012, contando cunha cofinanciación do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente dun 50 %.*

